

Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 83, do 23.11.1990.

Emendas, BOPG núm. 113, do 19.2.1991.

Debate de totalidade, DSPG núms. 61, do 12.3.1991, e 62, do 13.3.1991.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 154, do 12.6.1991.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 161, do 26.6.1991.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 161, do 26.6.1991.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 79, do 11.9.1991.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 178, do 18.9.1991.

Corrección de erros: BOPG núm. 184, do 28.9.1991.

Diario Oficial de Galicia núm. 191, do 3.10.1991.

Boletín Oficial del Estado núm. 1, do 1.1.1992.

Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social

Lei 13/2008, foron derogados os artigos 53, 55 e 56.

Esta lei foi derogada pola lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

1

Os modernos sistemas de servizos sociais configúranse como estruturas organizativas integradas de axuda e atención a persoas ou colectivos en estado de necesidade, no horizonte dunha sociedade máis igualitaria, máis participativa e con maiores cotas de benestar para todos.

Ese obxectivo marco dos servizos sociais éo ademais, por mandato legal, de toda acción dos poderes públicos, tal como o afirman tanto a Constitución coma o Estatuto de autonomía para Galicia nos seus artigos 9.2 e 4.2 respectivamente, que dispoñen que aqueles promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impidan ou dificulten a súa plena realización.

Sen embargo, mantendo ese referente fundamental, os modelos históricos de acción social pública deben readaptarse continuamente ós cambios da dinámica interna e na estruturación da sociedade á que serven.

Así, no momento presente, obsérvase, a través de diversas

análises, que os sistemas máis estendidos nos países europeos occidentais corren o perigo de deixar sen atención real e efectiva a subpoboacións empobrecidas mentres que, por un efecto non pretendido, poden chegar a se-las capas medias as que máis se beneficien dos logros do chamado estado do benestar. Aquelas bolsas de marxinação e exclusión social, obxecto de atención das novas políticas sociais europeas, núntrense tanto da considerada pobreza tradicional coma dos diversos colectivos afectados por formas de pobreza que teñen a súa orixe en desaxustes propios das sociedades modernas.

Concretamente, no ámbito do Estado español e malia o disposto no artigo 41 da Constitución de 1978 —que establece a obriga dos poderes públicos de manter un réxime público de Seguridade Social para tódolos cidadáns, que garanta a asistencia e as prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade—, a realidade amosa a carencia de prestacións ordinarias do sistema para darlles cobertura ós colectivos máis desfavorecidos.

No eido da asistencia social a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, segundo o disposto no artigo 27.23 do seu Estatuto de autonomía en relación co artigo 148.1.20 da Constitución española, competencia en virtude da cal xa se promulgou a Lei de servicios sociais que agora se vén completar coas medidas establecidas no plan obxecto da presente disposición legal.

Este plan supón un gran paso adiante para, dun modo sistemático e a nivel lexislativo, abordar en Galicia, dende a Administración autonómica, a problemática da pobreza, que se revela, con gran frecuencia, como un dos principais factores asociados á marxinação social.

A pobreza presenta hoxe perfís alarmantes dos sectores excluídos dos sistemas habituais de protección social, nomeadamente do laboral, e toma a forma do que os expertos europeos veñen denominando «gran pobreza», caracterizada tanto pola súa severidade coma pola tendencia a cronificarse, converténdose, dalgunha maneira, en hereditaria.

Esa pobreza extrema, que aborda o Dictame do 12 de xullo de 1989 do Comité Económico e Social das Comunidades Europeas, debe atallarse acadando o obxectivo de «axudar ós máis pobres a liberarse da asistencia permanente, brindándolle-la posibilidade de descubrir,

en función da súa capacidade, o uso da liberdade e das responsabilidades persoais, sociais e familiares». Concretamente, o devandito dictame propón, en consonancia con outros pronunciamentos anteriores dos organismos comunitarios, a implantación, entre outras medidas, dunha renda mínima de inserción.

A gran pobreza, que se concreta en agudas carencias no aloxamento, a cobertura social e sanitaria e a renda familiar, toma, á súa vez, matices propios na nosa Comunidade, ora pola súa estrutura económica e demográfica, ora pola súa peculiar forma de asentamento poboacional, ora polos efectos da crise económica ou, mesmamente, pola persistencia das bolsas de pobreza tradicionais na Galicia rural.

Desa diversidade derívase a importancia de aborda-lo tema de marxinação dende situacións concretas, coa necesaria flexibilidade, partindo do traballo social de base que desenvolven os servicios sociais comunitarios, elemento básico do sistema.

Como queira que a problemática descrita suscitou no seo da sociedade unha preocupación e unha demanda de medidas protectoras eficaces, o Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia emprendeu conversas coas organizacións sindicais máis representativas chegando a un acordo que é o punto de partida do plan que regula esta lei.

O plan desenvolvido a través da presente lei aborda o problema por medio de tres tipos básicos de medidas: a renda de integración social, as axudas para situacións de emerxencia social e os programas de desenvolvemento integral comunitario.

A renda de integración social de Galicia combina unha prestación económica, que busca garantir uns mínimos de subsistencia persoal, e un proxecto de traballo social axeitado ás circunstancias do beneficiario. Así, esta prestación non se semella ás restantes do sistema público de protección social, nin tan sequera ás non contributivas, dado o seu carácter instrumental e transitorio, polo que a súa duración inicial máxima, aínda que prorrogable se as circunstancias o requiren, será de un ano.

Debido ó seu carácter alimenticio persoal e non transmisible, non cabe embargo ou retención sobre ela nin que sirva como garantía de ningunha obriga.

A configuración como dereito recoñecible, e xa que logo de atención obrigada, por parte da Administración autonómica da concesión da renda, así como das axudas para situacións de emerxencia social, para toda persoa que cumpra os requisitos esixidos, fai que deban de adoptarse certos límites que acouten o ámbito subxectivo de aplicación, tales como a existen-

cia dun período previo de residencia efectiva en Galicia ou dunha determinada idade por parte dos beneficiarios, así como tamén en canto á renda familiar e á constitución dun fogar independente.

O importante da prestación económica determínase combinando tres compoñentes: un subsidio básico, un complemento por membro adicional e un complemento por inserción. Permítese así unha asignación máis axustada en función das necesidades do fogar e dos custos suplementarios que lle reporte a incorporación ó proxecto de inserción.

Este proxecto configúrase como o aspecto central do programa da renda de integración social de Galicia. Así como a prestación económica pode faltar en maior ou menor grao, por cada fogar destinatario da renda de integración social de Galicia deberá elaborarse polo menos un proxecto de inserción. Desta forma a prestación económica é un reforzo a un proceso de inserción tecnicamente supervisado.

Coa segunda medida, as axudas para situacións de emerxencia social, preténdese paliar as contingencias puntuais concretas de carácter extraordinario nas que se vexan inmersas persoas afectadas por unha situación de necesidade.

Como terceira medida na loita contra a marxinación social configúranse os programas de desenvolvemento integral comunitario,

a través dos cales se pretende poñer en práctica unha política integrada e multisectorial de loita contra a pobreza e de prevención da marxinação, coordinando a actuación das diversas instancias das administracións públicas. Complementariamente establécense as bases para poñer en marcha accións articuladas en forma de proxectos locais ou comarcais para erradicación de bolsas de pobreza e promoción e inserción dos marxinaados.

4

Como órgano de control e seguimento da aplicación dos programas créanse diversas mesas de ámbito provincial ou autonómico nas que están presentes a Administración e os interlocutores sociais, na crenza de que se ha de acadar a maior participación posible no desenvolvemento destes programas.

Na posta en práctica do plan outórgaselles un importante papel ós concellos, xa que nos órganos dependentes deles recae a primeira fase na tramitación das axudas, a de recepción e informe das solicitudes, sen prexuício de que nalgunha das medidas do programa, como a de axudas de emerxencia social, se poidan encargar tamén da súa concesión.

Así mesmo, tamén se intenta conseguirla participación das entidades de iniciativa social na ex-

cución dos programas de reinserción, dado que se ten que aproveitar a organización, a experiencia e os medios dos que estas xa dispoñen, evitando na medida do posible a duplicidade de esforzos.

Co establecemento dun réxime transitorio preténdese salvar un primeiro período na posta en práctica dos programas establecidos na presente lei, tendo en conta a escaseza de estudos sociais sobre o tema da pobreza e marxinação que permitan unha efectiva cuantificación e delimitación dos posibles beneficiarios e do importe das prestacións, polo que se ten que facer dun xeito aproximativo.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei galega de medidas básicas para a inserción social.

Título preliminar

Artigo 1

A presente lei ten por obxecto a creación e o desenvolvemento dun conxunto coordinado de medidas orientadas á loita contra a pobreza na Comunidade Autónoma de Galicia e á reinserción social e/ou laboral das persoas afectadas polas diferentes formas de exclusión e marxinação social.

Artigo 2

O Plan de loita contra a pobreza incorpora ó sistema de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia os seguintes programas:

- a) Renda de integración social de Galicia.
- b) Axudas para situacións de emerxencia social.
- c) Programas de desenvolvemento integral comunitario.

Artigo 3

A renda de integración social de Galicia e mailas axudas para situacións de emerxencia social configúranse como dereitos recoñecibles a toda persoa que reúna os requisitos e as condicións esixidos na presente lei e segundo os preceptos contidos nela.

Artigo 4

O desenvolvemento e a aplicación da presente lei correspondenlles ós órganos competentes da Administración autonómica en colaboración cos concellos, conforme ó disposto nos artigos seguintes.

Artigo 5

Correspóndelle á Consellería competente en materia de servizos sociais o exercicio das seguintes funcións:

- a) Elaboración das normas de desenvolvemento da presente lei.
- b) O control e a avaliación xeral da aplicación das medidas con-

templadas na presente lei, sen prexuício do establecido no capítulo VIII do título I.

c) A concesión, a modificación, a suspensión, a extinción, a denegación e o pagamento da renda de integración social de Galicia e das axudas para situacións de emerxencia social.

d) A proposta dos programas que se incluírán no anteproxecto dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) A potenciación da rede de servizos sociais comunitarios precisos para a eficaz aplicación das medidas de inserción reguladas nesta lei, sen prexuício do establecido no artigo seguinte.

f) A elaboración dos estudos de pobreza, das causas desta, a súa localización social e territorial, así como as consecuencias que permitan a realización dun mapa de pobreza en Galicia e a súa actualización.

g) A proposta de convenios con outras comunidades autónomas que permitan o mantemento de dereitos adquiridos ou en curso de adquisición por beneficiarios veciños das respectivas comunidades autónomas en virtude do principio de reciprocidade.

Artigo 6

Correspóndelles ós concellos da Comunidade Autónoma de Galicia o exercicio das seguintes funcións:

a) En cooperación coa Xunta de Galicia, coas deputacións provinciais e cos órganos competentes da Administración do Estado, a implantación e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios precisos para a aplicación do disposto na presente lei, de acordo coa lexislación vixente na materia.

b) Cooperar coa Xunta de Galicia na aplicación da presente lei nos termos establecidos nela.

c) Mellorar con cargo ós presupostos as axudas para situacións de emerxencia social, de acordo coas condicións establecidas no título II, sen prexuício de que poidan celebrar convenios coa Xunta de Galicia co fin de asumir a xestión única destas, logo da transferencia dos créditos que lles correspondan.

Título I

Da renda de integración social de Galicia

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 7

1. A renda de integración social de Galicia configúrase como unha prestación social destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar a súa autonomía e integración normalizada median-

te un proxecto personalizado de inserción.

2. A renda de integración social de Galicia, en canto prestación económica, terá carácter alimenticio, persoal e non transmisible, e non poderá ser obxecto de embargo ou retención nin darse en garantía de obrigas. Así mesmo, terá carácter subsidiario e complementario de calquera outro ingreso ou prestación de acordo co establecido nos artigos 12 e 14 da presente lei.

3. Os proxectos de inserción estarán constituídos por un conxunto coordinado e programado de accións que terá como obxectivo a mellora da integración persoal, familiar ou social, así como, se é o caso, a incorporación do beneficiario ó sistema laboral.

4. En todo caso, a aceptación e o cumprimento das accións contidas nos proxectos de inserción polo beneficiario serán condición necesaria para a percepción da prestación económica.

Artigo 8

1. Non terán dereito á percepción económica, aínda que si á incorporación ós proxectos de inserción, os perceptores de pensións ou axudas de carácter público, contributivas ou non contributivas, calquera que fose a súa contía anual, salvo cando, por teren cargas familiares, tivesen dereito a prestacións de protección á familia, de acordo coa lexisla-

ción en vigor, sen prexuício do establecido no artigo 13.3 da presente lei.

2. O sinalado no apartado anterior esténdese a aqueles que tendo dereito ás referidas prestacións non exercitasen as accións pertinentes para o seu recoñecemento.

Capítulo II

Dos beneficiarios

Artigo 9

1. Poderán ser beneficiarios da renda de integración social de Galicia, nas condicións previstas na presente lei, aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar empadroado e ter residencia efectiva, polo menos con cinco anos de antelación á formulación da solicitude, en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega.

Quedan eximidos do cumprimento do presente requisito os emigrantes galegos, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de autonomía para Galicia, cando fixaren a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma.

Os cidadáns doutros estados precisarán, ademais, o correspondente permiso de residencia en España con cinco anos de antelación á data da formulación da solicitude.

b) Que teñan constituído un fogar independente polo menos cun ano de antelación á data da solicitude.

Quedan eximidas do cumprimento deste requisito as persoas con menores ó seu cargo que, por necesidade ou circunstancias de especial gravidade, se vexan obrigadas a acollerse noutro fogar.

c) Que teñan unha idade comprendida entre os 25 e os 65 anos. Non obstante, tamén poderán ser beneficiarios os menores de 25 anos que, reunindo o resto dos requisitos do presente artigo, teñan menores ó seu cargo.

d) Dispoñer duns recursos inferiores á contía da prestación económica da renda de integración social de Galicia que lle correspondería considerando a súa situación económica e familiar de acordo co artigo 12 da presente lei.

e) Que exerciten as accións pertinentes para o cobramento de calquera crédito que puidese corresponderlles e dos que teñan coñecemento en virtude de título legal ou convencional.

f) Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestarlles alimentos de acordo coa lexislación civil, a criterio da Comisión técnica provincial prevista no artigo 25, con base nos informes obrantes no expediente, sen prexuício do establecido no artigo 29.1. No suposto de que o obrigado a prestar ali-

mentos optase por satisfacelos acollendo e mantendo no seu propio fogar ó alimentista, este non perderá o dereito á percepción económica da renda de integración social de Galicia se opta polo mantemento do fogar independente e non accede á casa do obrigado, sempre que a Comisión técnica valore que esta opción favorece o logro do obxectivo da inserción social.

2. Para os efectos do disposto no presente artigo, enténdese por residencia efectiva aquela que habite o solicitante por tempo superior a seis meses nun período de doce.

Artigo 10

1. Terá a consideración de fogar independente o marco físico de residencia estable de unha soa persoa ou, se é o caso, de dúas ou máis, vinculadas por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción, acollemento ou por parentesco de consanguinidade ou de afinidade ata o cuarto e o segundo grao respectivamente, con respecto ó solicitante.

2. Regulamentariamente serán determinados os supostos do marco físico de residencia colectiva que poidan ser considerados fogar independente para os efectos deste artigo.

3. Non se perderá a condición de beneficiario cando un fogar independente deixe de selo por causa

de forza maior, accidente ou desafiuzamento.

Capítulo III

Das prestacións

Sección 1.^a

Prestacións económicas

Artigo 11

A prestación económica da renda de integración social de Galicia estará integrada por un subsidio básico, un complemento variable en función dos membros que compoñan o fogar e, se é o caso, un complemento de inserción.

Artigo 12

1. A contía do subsidio básico será equivalente ó importe mensual de pensión non contributiva individual, fixada na lexislación específica que resulte aplicable.

2. A contía do complemento variable, en función do número de membros do fogar, quedará fixada anualmente nos presupostos da Comunidade Autónoma para cada exercicio.

3. En ningún caso a suma dos importes anteriores poderá superalo salario mínimo interprofesional.

4. O importe que percibirá cada beneficiario estará constituído pola diferenza entre a contía mensual da renda de integración social de Galicia, que conforme ó pre-

sente artigo lle correspondese, e a dos recursos económicos de que dispoña, computados de acordo co artigo 14.

Artigo 13

1. A contía do complemento de inserción, que nos correspondentes proxectos se poida establecer, será determinada en función das súas especiais características, dedicación e gastos que implique.

2. O importe deste complemento non se computará para efectos da determinación do tope máximo ó que se refire o punto 3 do artigo anterior.

3. Poderá beneficiarse deste complemento toda persoa que, independentemente da súa condición de perceptor das demais prestacións económicas da renda de integración social de Galicia, estea incorporada a un proxecto de inserción.

Artigo 14

1. Para os efectos previstos na presente lei, serán computados como recursos o conxunto de ingresos que perciba a persoa ou as persoas que constitúan o fogar en concepto de retribucións, rendas, pensións, prestacións, subsidios ou por calquera outro. Así mesmo, terán a consideración de recursos aqueles bens mobles ou inmobles sobre os que se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufructo ou calquera outro que, polas súas características, valoración, posibilidade de explotación

ou venda, indique a existencia de medios suficientes, excepción feita da vivenda destinada a uso propio sempre que a súa valoración catastral non supere dez anualidades do salario mínimo interprofesional vixente para o ano.

2. No suposto de percepción de ingresos irregulares, tanto na súa contía coma na súa periodicidade, tomarase como referencia a media dos obtidos durante os doce meses anteriores á formulación da solicitude.

3. Exclúense da consideración de recursos os que, tendo carácter finalista, estean dirixidos á formación regrada ou a paliar situacións de emerxencia social.

Artigo 15

O beneficiario terá dereito a percibi-la prestación económica da renda de integración social de Galicia consonte as seguintes regras:

a) As concedidas dentro dos quince primeiros días de cada mes terán efecto dende o primeiro día deste.

b) As concedidas dende o décimo sexto día de cada mes terán efecto o primeiro día do mes seguinte.

A resolución concedendo ou denegando a solicitude terá que producirse, necesariamente, no prazo máximo de tres meses, contados a partir do día de rexistro da

solicitude inicial. En caso contrario, concederáse, provisionalmente, dende o día en que cumpra o terceiro mes para os mesmos efectos das letras a) e b) deste artigo e en tanto en canto non se resolva definitivamente a solicitude. Este punto será de aplicación sempre e cando a demora na resolución non se lle poida atribuír ó propio solicitante.

Artigo 16

O pagamento das prestacións económicas realizaráselle ó solicitante por mensualidades vencidas na forma que regulamentariamente se estableza.

Sección 2.^a

Proxecto de inserción

Artigo 17

1. O proxecto de inserción será elaborado partindo das necesidades e características de cada caso, de tal xeito que procure a autonomía persoal, familiar e económica do beneficiario e acade a súa integración social e/ou laboral.

2. Por cada fogar destinatario da renda de integración social de Galicia deberá elaborarse polo menos un proxecto de inserción. Serán beneficiarios deste a persoa ou as persoas maiores de idade que a xuicio dos servizos sociais comunitarios ou, se é o caso, da Comisión Técnica Provincial da Renda de Integración Social de

Galicia estean en mellor disposición e aptitude para acadar-la integración que se pretende.

Artigo 18

1. Todo proxecto de inserción para acadar-la súa finalidade deberá integrar accións da seguinte natureza:

a) Accións que procuren a rehabilitación persoal e familiar.

b) Accións que procuren a integración no medio social.

c) Accións de motivación laboral, orientación profesional e formación ocupacional.

d) Actividades de interese colectivo e social en entidades públicas ou privadas, sen menoscabo dos seus dereitos laborais, así como as diversas formas de emprego social protexido ou emprego suplementario.

e) Actividades orientadas cara ó traballo autónomo ou calquera das formas de economía social.

f) Accións tendentes á plena incorporación ó mercado de traballo mediante a formalización do correspondente contrato laboral.

2. No suposto de que os proxectos de inserción inclúan algunha das medidas previstas nas alíneas c), d) e f) do punto anterior, o beneficiario quedará obrigado a inscribirse como demandante de emprego na correspondente oficina do Instituto Nacional de Emprego.

3. Naqueles casos nos que así se considere, o proxecto de inserción poderá estar integrado exclusivamente polas accións que deban realizarse para o coidado do fogar, a atención a menores ou maiores eivados ou calquera outra dedicación solidaria.

4. En calquera caso, o proxecto de inserción deseñarase con criterios rigorosos de programación, con determinación de obxectivos, prazos, medios e actividades que permitan a posterior avaliación dos efectos reais da aplicación da renda de integración social de Galicia en cada caso.

Artigo 19

1. Co fin de incentivar a incorporación dos beneficiarios da renda de integración social de Galicia ó mercado de traballo, a Xunta de Galicia, regulamentariamente, establecerá os termos e as condicións nos que se subvencionará a súa contratación.

2. En todo caso a dita normativa deberá considera-los seguintes extremos:

a) A contía da subvención será, como máximo, equivalente ó salario mínimo interprofesional máis a totalidade da cota empresarial á Seguridade Social correspondente á devandita subvención por contínuas comúns e profesionais.

b) A remuneración salarial e as demais condicións de traballo axustaranse ó establecido no correspondente convenio colecti-

vo e na lexislación laboral vixente.

c) Os contratos deberán ser a xornada completa e terán unha duración mínima de seis meses, poderán prorrogarse, para os efectos destas axudas, ata o límite máximo de trinta e seis meses e deberán supoñer un incremento do número de traballadores da empresa, non implicando, en ningún caso, unha modificación da estrutura interna do cadro de persoal mentres se estea a percibi-la subvención.

d) A obriga das empresas contratantes de cumprir-las disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.

e) As responsabilidades que se deriven para a empresa polo incumprimento das condicións previstas nas tres alíneas anteriores.

f) Os beneficiarios contratados ó abeiro desta medida causarán baixa como perceptores da prestación económica da renda de integración social de Galicia.

3. A Xunta de Galicia poderá realizar cantos controles e comprobacións estime oportunos, encamiñados a verifica-lo cumprimento dos requisitos e das condicións establecidas para a percepción destas axudas, e remitirálle-los correspondentes informes ás mesas de control e seguimento.

Artigo 20

1. Co fin de impulsar medidas

de apoio ó emprego social protexido ou emprego suplementario, a Xunta de Galicia, regulamentariamente, establecerá os termos e as condicións polos que se rexerán as axudas e subvencións ás entidades públicas ou privadas que creen postos de traballo e empregos non productivos para actuacións de interese social, cultural ou ecolóxico.

2. En todo caso, o regulamento deberá contempla-los seguintes extremos:

a) A remuneración salarial e demais condicións de traballo axustaranse á lexislación laboral vixente, constituíndose as entidades subvencionadas en empresarios respecto dos traballadores contratados ó abeiro destas medidas.

b) Os contratos deberán ser a xornada completa, terán unha duración mínima de seis meses e non deberán supoñer unha redución do cadro de persoal habitual na entidade contratante.

c) Os beneficiarios contratados consonte esta medida causarán baixa como perceptores da prestación económica da renda de integración social de Galicia.

3. Cando as entidades subvencionadas sexan corporacións locais deberán cumprí-los seguintes requisitos:

a) Ter implantados servizos sociais comunitarios ou ter subscrito concerto para a súa implanta-

ción.

b) Cumprí-las disposicións vixentes en materia laboral da Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.

c) Achegar un responsable da dirección das tarefas, así como os recursos materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4. Cando as entidades que se van subvencionar sexan de iniciativa social deberán cumprí-los seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro de Asociacións e Outras Entidades de Iniciativa Social da Xunta de Galicia.

b) Cumprí-las disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.

c) Achegar un responsable da dirección das tarefas, así como os recursos materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.

5. A Xunta de Galicia poderá realizar cantos controles e comprobacións estime oportunos encamiñados a verifica-lo cumprimento dos requisitos e das condicións establecidos para a percepción destas axudas, e remitirálle-los correspondentes informes ás mesas de control e seguimento.

Artigo 21

Sen prexuício do establecido nos artigos anteriores, a Xunta de Galicia, a través da Consellería

competente en materia de servizos sociais, para a execución dos proxectos de inserción descritos nesta sección, poderá asinar convenios de colaboración con asociacións ou entidades de iniciativa social, así como cos organismos públicos e privados que considere oportunos.

Sección 3.^a

Duración das prestacións

Artigo 22

1. A renda de integración social de Galicia seralle outorgada ó beneficiario mentres subsistan as causas que motivaron a súa concesión.

2. Poderá renovarse, nas condicións que regulamentariamente se determinen, en función da avaliación dos resultados acadados, que deberá realizarse cada doce meses.

3. A resolución sobre a súa renovación haberá de adoptarse con anterioridade ó remate do prazo polo que se outorgara. No seu defecto, será prorrogada tacitamente ata a data de resolución, na que se adoptará a decisión que proceda, fixándose, se é o caso, a duración do novo período recoñecido.

Capítulo IV

Das obrigas dos beneficiarios

Artigo 23

Os beneficiarios da renda de

integración social de Galicia quedan obrigados a:

1.— Destina-lo importe da prestación ó fin para o que se concede.

2.— Participar nas accións ou actividades que se determinen de acordo co beneficiario dentro do proxecto de inserción.

3.— Escolariza-los menores ó seu cargo que estean en idade escolar obrigatoria.

4.— Non exerce-la mendicidade nin a prostitución, nin inducir ou compeler á práctica de calquera delas a ningún membro do fogar.

5.— Comunica-las variacións sobrevidas que, de conformidade coa presente lei, puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación.

6.— Cantas outras se deriven do obxecto e da finalidade da renda de integración social de Galicia.

Capítulo V

Da tramitación

Artigo 24

1. A tramitación da renda de integración social de Galicia iníciase, por instancia do interesado, mediante a presentación no seu Concello da solicitude, en modelo normalizado pola Xunta de Galicia, xunto cos documentos xustificativos do cumprimento dos requisitos sinalados no artigo 9 da presente lei.

2. As entidades locais, a través dos equipos técnicos dos servizos sociais comunitarios municipais correspondentes, elaborarán un informe social no que se valore a procedencia, ou non, da aplicación da renda de integración social de Galicia, así como, se é o caso, a proposta dun proxecto de inserción, de acordo co disposto na presente lei.

3. O informe sinalado no punto anterior salientará o perfil sociolóxico do solicitante e unha valoración sobre a súa posible inserción social e/ou laboral, indicando, neste último suposto, que centros ou institucións adecuados existen no medio do beneficiario. Así mesmo, salientará cantos datos se estimen pertinentes para poñer de manifesto: a existencia dun fogar independente, se isto constitúe un requisito básico; o número de persoas que conviven no fogar, xunto coa información sobre minusvalías que poidan afectar a algún dos seus membros; e a descrición do fogar e posible existencia de persoas ou familias con obriga legal e posibilidade real de prestación de alimentos.

4. A proposta do proxecto de inserción deberá contar co asentimento do interesado ou, no caso contrario, coas razóns invocadas polo mesmo para o seu rexeitamento.

5. O Concello remitiralle o expediente completo á Delegación Provincial da Consellería competente en materia de servizos

sociais para a súa cualificación e posterior resolución.

6. Excepcionalmente, naqueles casos en que a situación do beneficiario o faga imprescindible, poderá realiza-la solicitude ó seu nome o propio Concello; sen embargo, non se resolverá favorablemente o expediente mentres o beneficiario non asuma o proxecto de inserción social e/ou laboral que, por proposta dos servizos sociais comunitarios, sexa aprobado pola Comisión Técnica Provincial da Renda de Integración Social de Galicia.

Artigo 25

En cada Delegación Provincial da Consellería competente en materia de servizos sociais constituirase, con carácter permanente, unha Comisión Técnica da Renda de Integración Social de Galicia e unha unidade técnico-administrativa de apoio, coa composición e as funcións que se determinen.

Artigo 26

A nivel autonómico constituirase unha Comisión Técnica Central da Renda de Integración Social de Galicia e unha unidade técnico-administrativa de apoio, coa composición e as funcións que regulamentariamente se determinen.

Artigo 27

As comisións técnicas poderán comprobar, a través dos organis-

mos públicos e privados correspondentes, a veracidade dos datos obrantes no expediente.

Artigo 28

Garántese a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes, de conformidade coa lexislación vixente.

Capítulo VI

Da concesión provisional, modificación, suspensión e extinción

Artigo 29

1. No caso de que o beneficiario ou calquera dos membros do fogar tiveren unha facultade de exercicio do dereito de alimentos entre parentes, ou nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio, a concesión definitiva da prestación económica da renda de integración social de Galicia quedará condicionada a que fagan vale-lo seu dereito de acordo co previsto na lexislación vixente, procedéndose, mentres, ó seu aboamento provisional, sen prexuício do sinalado no artigo 9.f) da presente lei.

2. A Comisión técnica provincial informará ós beneficiarios sobre os dereitos que os asistan e os trámites necesarios para a interposición da correspondente demanda ou execución de sentenza.

3. No suposto de que a demanda prospere, o beneficiario, a partir da execución da sentenza, virá

obrigado a devolver unha contía igual á obtida en concepto de dereito de alimentos ata o límite da prestación económica da renda de integración social de Galicia que viñese percibindo.

Artigo 30

A modificación sobrevida do número de membros do fogar ou dos recursos económicos que serviron de base para o cálculo da prestación económica da renda de integración social de Galicia dará lugar á minoración ou ó aumento que proceda a partir do mes seguinte a aquel en que teña lugar. A comunicación de tales circunstancias farase a través dos servizos sociais comunitarios correspondentes.

Artigo 31

1. Cando os recursos económicos, computados de acordo co artigo 14, superen, por un período inferior a seis meses, en cómputo mensual, a prestación económica da renda de integración social de Galicia correspondente en cada caso, suspenderase o seu aboamento, e reanudarase, por instancia do beneficiario, cando decaian as circunstancias que o motivaron, polo tempo que resta para a finalización do período fixado na resolución.

2. Igualmente, será causa de suspensión a imposibilidade sobrevida por parte do beneficiario de cumprilas obrigas asumidas, ou que sexa declarado legalmente incapacitado. Nestes supostos, en

función das circunstancias conconrentes, poderá acordarse o aboamento da prestación a outro membro do fogar, modificando, se procede, a súa contía mentres subsistan as citadas causas, polo tempo que reste para esgota-lo período de concesión e nunca por un tempo superior a seis meses.

Artigo 32

As prestacións da renda de integración social de Galicia extinguiranse por:

a) A perda dalgún dos requisitos esixidos para o seu recoñecemento, sen prexuício do establecido no punto 1 do artigo anterior.

b) O falecemento do beneficiario, suposto no que será de aplicación o disposto no punto 2 do artigo 31, mentres tramite nova solicitude outro membro do fogar.

c) O incumprimento das obrigas previstas no artigo 23 da presente lei por causas imputables ó beneficiario.

d) O mantemento das causas que deron lugar á suspensión cautelar contempladas no artigo 31 por tempo superior a seis meses.

e) O falseamento de datos ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conservar a prestación económica sen prexuício do disposto no artigo 303 do Código penal e do exercicio da acción de reintegro das cantidades indebidamente percibidas.

f) O traslado da súa residencia

efectiva a un concello que non estea comprendido no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que se produza a circunstancia sinalada no artigo 5.g) da presente lei.

Capítulo VII

Da impugnación

Artigo 33

Contra as resolucións das comisións técnicas provinciais poderá interpoñerse, no prazo de quince días, recurso de alzada perante a Comisión Técnica Central da Renda de Integración Social de Galicia prevista no artigo 26 da presente lei.

Artigo 34

1. O recurso deberá presentarse ante a Comisión Técnica Provincial da Renda de Integración Social de Galicia, sen prexuício do establecido no artigo 123 da Lei de procedemento administrativo.

2. Unha vez recibido o recurso, esta deberallo remitir á Comisión técnica central, xunto co expediente e co seu informe, no prazo de cinco días.

Artigo 35

1. Se a resolución fose estimatoria do recurso, os efectos económicos desta retrotraeranse á data de resolución inicial denegatoria nos termos fixados polo artigo 15

da presente lei.

2. A resolución do recurso de alzada poñeralle fin á vía administrativa.

Capítulo VIII

Dos órganos de control e seguimento

Artigo 36

Como órganos superiores de control e seguimento da aplicación da renda de integración social de Galicia constitúense dúas mesas, unha a nivel provincial e outra a nivel autonómico.

Artigo 37

1. En cada unha das provincias da Comunidade Autónoma, presidida polo delegado provincial da Consellería competente en materia de servizos sociais, constituirase unha Mesa integrada por sete representantes da Administración autonómica, sete representantes das centrais sindicais máis representativas a nivel autonómico e sete representantes das organizacións empresariais no mesmo ámbito. A periodicidade da súas reunións será mensual e a Administración achegaralles a estas os datos globais que se deriven da aplicación do programa.

2. Serán funcións desta Mesa o control e seguimento estatístico, tanto dos procesos de concesión da renda de integración social de Galicia coma da correcta aplicación das medidas de fomento do

emprego que, vinculadas ós proxectos de inserción, se consideran na presente lei.

3. Ás reunións desta Mesa poderán asistir, por petición de calquera das partes, representantes de asociacións e outras entidades de iniciativa social colaboradoras no programa, que participarán nas reunións con voz pero sen voto.

As actas das sesións que celebren estas mesas serán remitidas á Mesa autonómica á que se refire o artigo seguinte.

Artigo 38

1. A nivel autonómico constituirase unha Mesa presidida polo titular da Consellería competente en materia de servizos sociais ou persoa na que delegue, con análoga representación cás mesas provinciais, que deberá reunirse con periodicidade trimestral.

2. Serán funcións desta Mesa o control e a avaliación global dos resultados da execución do programa, así como a formulación de observacións e propostas de modificación que axuden a melloralo.

3. Ás reunións desta Mesa poderán asistir, por petición de calquera das partes, representantes de asociacións e outras entidades de iniciativa social colaboradoras no programa, que participarán nelas con voz pero sen voto.

4. A Administración facilitaralle a esta Mesa a documentación necesaria, así como as actas das

sesións que celebren as mesas provinciais de control e seguimento.

5. As actas das sesións que celebre esta Mesa deberanse xuntar a calquera proxecto de reforma da lexislación reguladora da renda de integración social de Galicia.

6. A Mesa elaborará o seu propio regulamento de réxime interior para efectos do seu funcionamento, periodicidade das reunións, formas de votación, asistencia doutras persoas, etc.

Artigo 39

Os acordos destas mesas serán adoptados por maioría absoluta dos membros presentes, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Artigo 40

As citadas mesas terán un secretario, con voz pero sen voto, que será designado polo delegado provincial ou polo conselleiro, segundo proceda, de entre os funcionarios adscritos á súa Consellería.

Título II

Das axudas para situacións de emerxencia social

Capítulo I

Obxecto e natureza

Artigo 41

1. O obxecto do presente título é o establecemento de axudas

económicas de carácter extraordinario e de pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia de persoas con fogares independentes afectadas por un estado de necesidade.

2. As axudas para situacións de emerxencia social constitúense como o segundo programa dentro do conxunto coordinado de medidas consideradas no título preliminar da presente lei.

Artigo 42

1. Estas axudas terán carácter finalista e serán incompatibles con calquera outra prestación pública, dereito a percepción económica ou ingreso privado que lle puidese corresponder ó beneficiario ou a outro membro do fogar para a mesma finalidade.

2. Non obstante, poderán ser complementarias, nos casos nos que se considere oportunos, en virtude da gravidade da situación socio-económica e familiar reflectida nos informes pertinentes.

Capítulo II

Dos requisitos

Artigo 43

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas que reúnan os requisitos seguintes:

a) Ser maior de idade.

b) Estar empadroado e ter residencia efectiva en calquera dos

concellos da Comunidade Autónoma galega.

c) Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia.

d) Ter constituído un fogar independente polo menos cun ano de antelación á data de solicitude.

Artigo 44

Para os efectos do previsto no presente título considéranse situacións de emerxencia social aquelas que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente, tales como:

1.— Gastos imprescindibles para o uso da vivenda habitual.

2.— Gastos imprescindibles para o mantemento da habitabilidade ou accesibilidade da vivenda habitual.

3.— Gastos destinados a dotar a vivenda do equipamento básico.

4.— Gastos destinados a cubrir, con carácter urxente, necesidades primarias: alimentación, vestido, atención sanitaria, instrucción e outras de natureza análoga, non cubertas polos diferentes sistemas de protección.

5.— Gastos destinados ó traslado de vivenda cando así se reflicta no proxecto de integración.

Artigo 45

1. Considéranse ingresos insuficientes, para os efectos da aplicación da presente medida, aqueles que, obtidos polos membros do fogar en concepto de rendas, retribucións, pensións ou calquera outro título, agás os de carácter finalista que estean dirixidos á formación regrada ou se perciban como complemento de inserción, non sexan superiores ó cento vintecinco por cento do importe do subsidio básico máis o complemento familiar da renda de integración social de Galicia que, segundo o disposto no artigo 12, puntos 1 e 2, da presente lei, lles corresponderían.

2. Non poderá concederse esta axuda cando o solicitante ou calquera membro do fogar sexan propietarios ou usufrutuarios de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación, indique, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender os gastos obxecto das presentes axudas.

Capítulo III

Da contía

Artigo 46

1. Establécense como contías máximas das axudas para situacións de emerxencia social, para cada un dos conceptos descritos no artigo 44, as seguintes:

a) Catro veces o importe mensual do subsidio básico da renda de integración social de Galicia para gastos imprescindibles no uso da vivenda habitual.

b) Doce veces o importe mensual do subsidio básico da renda de integración social de Galicia para gastos de mantemento da habitabilidade ou accesibilidade da vivenda habitual.

c) Tres veces o importe mensual do subsidio básico da renda de integración social de Galicia para gastos de equipamento básico de vivenda.

d) Dúas veces o importe do subsidio básico da renda de integración social de Galicia para gastos destinados a cubrir necesidades primarias.

2. Regulamentariamente serán establecidas as normas que possibiliten a determinación da contía da axuda de emerxencia social para cada caso concreto.

3. En ningún caso se lle poderá conceder ó titular do fogar ou a calquera dos seus membros máis de unha axuda para situacións de emerxencia social ó ano polo mesmo concepto.

Capítulo IV

Da tramitación

Artigo 47

1. A tramitación das axudas será

iniciada polo interesado mediante presentación de solicitude, en instancia normalizada, no seu Concello de residencia, xunto cos documentos acreditativos da veracidade dos datos alegados.

2. Sen prexuício do sinalado no punto anterior, o interesado deberá xuntar á solicitude:

a) O presuposto dos gastos para os que solicita a axuda.

b) A xustificación doutras subvencións ou axudas concedidas polo mesmo concepto, ou declaración xurada de non percibilas.

3. Será elaborado, logo de visita domiciliaria, un informe polos servizos sociais comunitarios no que, na medida do posible, se constate:

a) A veracidade das circunstancias alegadas polo solicitante como orixinadoras da situación de emerxencia.

b) A situación de necesidade que determine a incapacidade económica.

c) A adecuación e proporcionalidade entre o solicitado e a necesidade descrita.

d) A condición de habitual da vivenda.

Artigo 48

Correspóndelles ós concellos, a través dos servizos sociais comunitarios, a recepción, a instrución, a proposta de resolución e o

traslado do expediente á Delegación Provincial correspondente, así como o seguimento e control das axudas concedidas.

Artigo 49

Correspóndelles ás delegacións provinciais da Consellería competente en materia de servizos sociais, a través das comisións técnicas previstas no artigo 25, resolver sobre a concesión ou denegación da axuda, así como sobre a súa contía, sen prexuício do establecido no artigo 6.c) da presente lei.

Artigo 50

A Xunta de Galicia reserva para si a facultade de efectuarlo pagamento da axuda directamente e, en nome do beneficiario, á persoa, entidade ou empresa que realice a prestación ou o servizo en favor deste, naqueles casos en que o considere conveniente a Comisión técnica provincial, co fin de garantir a súa aplicación finalista.

Capítulo V

Da impugnación

Artigo 51

En materia de recursos haberá que averse ó disposto nos artigos 33 e seguintes da presente lei para a renda de integración social de Galicia.

Título III

Programas de desenvolvemento

integral comunitario

Capítulo I

Obxecto

Artigo 52

O presente título ten por obxecto o establecemento das bases dunha actuación integrada e multisectorial dos diversos departamentos da Xunta de Galicia, tendente a eliminar as bolsas de pobreza urbana ou rural existentes no territorio desta Comunidade Autónoma, así como crea-las condicións necesarias para evitar a aparición das distintas formas de marxinación social.

Capítulo II

Da Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza

Artigo 53

Créase a Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza, coa composición e coas funcións que se establecen no presente capítulo.

Artigo 54

Son funcións da Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza:

1.— A elaboración e elevación de propostas ó Consello da Xunta de Galicia sobre medidas xerais que favorezan a remoción de cantos atrancos impidan ou dificulten a integración social das persoas

máis desfavorecidas, podendo deseñar, para tal fin, medidas concretas de discriminación positiva, tales como:

a) A preferencia dos beneficiarios da renda de integración social de Galicia para o acceso ás axudas públicas dirixidas a satisfacer necesidades básicas: vivenda, alimentación, transporte e outras.

b) A preferencia dos beneficiarios da renda de integración social de Galicia para o acceso ós servizos públicos xestionados pola Xunta de Galicia, dentro dos diferentes subsistemas de benestar social.

c) O establecemento dunha liña de axudas tendentes a previla marxinação das persoas internadas en centros de menores cando cumpran a maioría de idade.

d) A preferencia no acceso ó aproveitamento de parcelas agrícolas procedentes dun banco de terras que, no seu día, poida crea-la Consellería competente na materia.

e) A preferencia no acceso ás vivendas que, no seu día, poida destinala Consellería competente a dota-lo programa de inserción social.

2.— O estudio e a aprobación previa, se é o caso, de programas integrados, locais ou comarcais, de erradicación da pobreza, que poidan propoñe-las diversas instancias do sistema público de servizos sociais ou as asociacións e

outras entidades de iniciativa social, para a súa elevación ó Consello da Xunta de Galicia.

3.— A estimación dos gastos que xeren as medidas propostas, así como a súa distribución entre as distintas consellerías implicadas e a elevación ó Consello da Xunta de Galicia da proposta de inclusión destes no proxecto de presupostos para o exercicio correspondente.

4.— A avaliación das medidas adoptadas, o seguimento da súa aplicación e a proposta das modificacións oportunas tendentes á súa mellora ou ó seu perfeccionamento.

5.— Solicitar e recibir dos órganos competentes da Xunta de Galicia canta información sexa precisa para o desempeño das súas funcións.

6.— Cantas outras de análoga natureza lle poida atribuí-lo Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 55

1. A Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza estará integrada por representantes de tódalas consellerías da Xunta de Galicia, designados polos seus titulares de entre os altos cargos do departamento.

2. A súa presidencia corresponderalle ó presidente da Xunta de Galicia e será vicepresidente o titular da Consellería competente en materia de servizos sociais.

Artigo 56

Para o exercicio das súas funcións e a consecución dos seus obxectivos, a Comisión poderá propoñerlle á Xunta de Galicia o establecemento de convenios de cooperación e colaboración con entidades públicas ou privadas, respectivamente.

Artigo 57

1. Créanse a nivel comarcal equipos técnicos de desenvolvemento integral comunitario, dependentes organicamente da Consellería competente en materia de servizos sociais, que terán por obxecto a posta en práctica de proxectos comarcais e locais de dinamización socio-económica, cun marcado carácter de prevención da pobreza, nos que se fagan efectivas as decisións adoptadas na Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza.

2. Serán funcións básicas destes equipos, entre outras, as seguintes:

a) A análise das causas da marxinación e do subdesenvolvemento socio-económico nas bolsas de pobreza e áreas deprimidas, así como das circunstancias que determinan os perfís sociais e culturais dos colectivos que sofren a marxinación na súa comarca.

b) A elaboración e execución de proxectos integrais de actuación, tecnicamente homologados e operativos, de carácter interdepartamental, interadministrativo e comunitario, orientados á promoción e inserción social dos marxinados.

c) A coordinación, para a posta en práctica deses proxectos, da Administración local e autonómica, dos diferentes sistemas públicos de benestar social e das institucións e entidades de iniciativa social con presenza activa na comarca, constituíndo, se procede, unha Coordinadora de Inserción Social.

d) A elevación á Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza de cantas propostas de actuación sobre medidas operativas se consideren necesarias para apoiar os proxectos integrais de actuación.

e) Cantas outras se consideren oportunas e procedentes para a prevención da marxinación e a inserción social dos socialmente excluídos, no ámbito comarcal, dentro dos obxectivos que marca esta lei.

3. A composición, distribución e dotación destes equipos técnicos será determinada regulamentariamente.

Disposición adicional primeira

A contía do complemento variable, en función do número de membros que compoñen o fogar, da prestación económica da renda de integración social de Galicia prevista no artigo 12.2 da presente lei será a seguinte: 5.000 pesetas polo primeiro membro adicional, 4.000 pesetas polo segundo e 3.000 pesetas por cada un dos restantes.

Disposición adicional segunda

Os presupostos xerais da Comunidade Autónoma incluírán as partidas necesarias para o financiamento dos programas contemplados na presente lei.

Disposición adicional terceira

A Xunta de Galicia informará anualmente ó Parlamento de Galicia sobre o desenvolvemento da presente lei no seo da Comisión correspondente.

Disposición transitoria primeira

1. Autorízase á Xunta de Galicia, durante os dous primeiros exercicios presupostarios de aplicación da presente lei, a adoptar medidas para acomoda-la execución do programa ás limitacións presupostarias, establecendo unha relación na concesión segundo os seguintes criterios, e na orde que se indica:

a) Inaplicación do réxime de concesión provisional previsto no artigo 29.1 da presente lei.

b) Preferencia dos solicitantes que dispoñan dun fogar independente sobre os que estean acollidos noutro fogar.

c) Preferencia dos solicitantes con maior número de cargas familiares sobre os restantes.

2. Así mesmo, a Xunta de Galicia poderá, cando as dispoñibilidades presupostarias o permitan, reduci-lo nivel de esixencia nos requisitos establecidos no artigo 9.1.a) da presente lei para os efec-

tos da concesión das prestacións económicas da renda de integración social de Galicia, sen o límite temporal establecido no punto 1.

Disposición transitoria segunda

Co obxecto de determinar coa maior precisión posible o ámbito sociolóxico de aplicación das medidas de inserción social que se regulan na presente lei, a Xunta de Galicia elaborará, durante o ano seguinte á súa entrada en vigor, un estudo sobre a pobreza, de conformidade co establecido no artigo 5.f). Das conclusións deste estudo derivarase a determinación do crédito presupostario axustado que poña fin ó réxime transitorio dos dous primeiros anos.

Disposición transitoria terceira

Os diferentes órganos de control e seguimento previstos na presente lei constituiranse nun prazo de tres meses a partir da súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior categoría contradigan o disposto na presente lei, e en especial os artigos 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11 do Decreto 131/1989, do 29 de xuño, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios.

Disposición derradeira primeira

Autorízase á Xunta de Galicia para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta disposición legal.

Disposición derradeira segunda

Santiago de Compostela, 2 de
outubro de 1991

A presente lei entrará en vigor o
día seguinte ó da súa publicación
no *Diario Oficial de Galicia*.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente